



### CONCELLOS

#### ABADÍN

##### *Anuncio*

#### **Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión celebrada o 20.10.2022 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2022, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **Anuncio de cobranza**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 24 de outubro de 2022.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3066

### ANTAS DE ULLA

#### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por Resolución de Alcaldía de data 25 de outubro de 2022, o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Subministración de Auga, correspondente ao exercicio 2019, no que se inclúe o canon da auga, e o Padrón da Taxa sobre prestación dos Servizos de Rede de Sumidoiros,

correspondente ao exercicio 2019, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expóñense ao público no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario da **Taxa pola prestación do Servizo de Subministración de Auga, correspondente ao exercicio 2019, no que se inclúe o canon da auga, e da Taxa sobre prestación dos Servizos de Rede de Sumidoiros, correspondente ao exercicio 2019.**

- Prazo de ingreso (en período voluntario): **do 27 de outubro de 2022 ao 27 de decembro de 2022, ambos inclusive.**
- Modalidade de cobro: mediante ingreso en calquera das seguintes contas bancarias: **ES49 2080 0166 1131 1000 0082** (Abanca).

Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.

- Lugar de ingreso: **entidades financeiras anteriormente relacionadas.**
- Días e horas de ingreso: **días hábiles, de luns a venres, das 10:00 ás 14:00 horas.**

Os contribuíntes que reciban o aviso de pagamento poderán pagalo presentando o aviso nas oficinas das entidades financeiras anteriormente relacionadas.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, dos custes do procedemento de constrinximento.

No tocante ao canon da auga, advírtese que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, faise constar que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Antas de Ulla, 25 de outubro de 2022.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 3067

## BALEIRA

### *Anuncio*

#### **ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR NO CONCELLO DE BALEIRA.**

De conformidade co oficiado a este Concello pola da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, procedése á convocatoria para a elección de Xuiz de Paz titular deste Concello de Baleira.

#### Requisitos dos aspirantes:

Os requisitos que han de cumprir os interesados son os dispostos na vixente Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial ( en adiante LOPX) , que no seu artigo 102 establece que poderán ser nomeados Juíces de Paz, tanto titular como sustituto, quen, aún non sendo licenciado en Dereito, reunan os requisitos dispostos na mencionada Lei para o ingreso na carreira xudicial e non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas para o desenvolvemento de funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

- Estes requisitos son:

1º.- Ser español.

2º.- Ser maior de idade.

3º.- Non estar incluído en ningunha das causas de incapacidade que establece o art. 303 da Lei Orgánica. 6/1985,de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

4º.- Non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da Lei Orgánica do Poder Xudicial, no que sexa de aplicación ós xuíces de paz.

Presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada de documentos do Concello de Baleira no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Á solicitude, que se facilitará nas oficinas do Concello, xuntaráse a seguinte documentación:

1º) Fotocopia compulsada do D.N.I.

2º) Certificación expedida polo rexistro central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, de 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conducta cidadana.

3º) Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

4º) Declaración da profesión actual do aspirante.

5º) Declaración de cumprimento das condicións legais para ser nomeado como Xuíz de Paz do concello de Baleira, de non atoparse en ningunha das causas de incapacidade para o exercicio da función xudicial e declaración de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade e prohibicións dispostas na Lei orgánica do poder xudicial, no que sexa aplicable ós xuíces de paz.

Elección:

O Pleno do Concello de Baleira acordará a elección de Xuíz de Paz titular mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros entre as persoas que o solicitaron e reúnan os requisitos legais.

No caso de non presentarse solicitudes, o Pleno elixirá libremente.

Baleira, 25 de outubro de 2022.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3068

---

## BARALLA

### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 162 de 24 de outubro de 2022, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao **terceiro** trimestre do ano 2022:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, **no que se inclúe o canon da auga (3º trimestre do ano 2022)**.
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Exponse ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto da aprobación dos padróns de: abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende esta notificación.

Baralla, 24 de outubro de 2022.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3069

---

## FRIOL

### Anuncio

#### SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA A PROVISION DE 1 POSTOS DE PEÓNS DE SERVIZO DE USOS MÚLTIPLES O ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2022

#### BASES DA CONVOCATORIA

##### 1.- OBXETO.

O obxecto da presente convocatoria e a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato de traballo de duración determinada de 1 posto de peón de servizos de usos múltiples para o Concello de Friol, ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 da Deputación Provincial de Lugo.

##### 2.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO OFERTADO

Denominación do posto:	Peón de servizos múltiples
Réxime	Contrato temporal de duración determinada
Unidade/Área	Obras
Categoría profesional	10
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	1 posto
Duración	11 meses

##### 3.- MODALIDADE E CONDICIÓNS DO CONTRATO

Modalidade segundo regulación do RDL. 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)-	Cláusulas específicas contrato de substitución
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa
Xornada de traballo	37,5 horas semanais
Retribución bruta	Sg. RPT Concello Friol

##### 4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

###### 4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia).

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

#### 4.2. De carácter específico.

- Título de Certificado de Escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- Permiso de Conducir tipo C.
- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.
- Acreditación emitida polo Servizo Público de Emprego de figurar inscrito como demandante de Emprego ou en situación de mellora de Emprego, para dar cumprimento o establecido no punto 11.1 das Bases do Plan Unico.

#### 4.3. Condicións esixidas ós candidatos.

Todos os requisitos esixidos ós aspirantes deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

#### 5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina web do concello e o taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

#### 6.- Procedemento selectivo.

##### 6.1. Documentación

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como Anexos I e II, a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Friol, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección [info@concellodefriol.es](mailto:info@concellodefriol.es) un resgardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso convocatoria 1 peóns servizo uso múltiples.

##### 6.2 Prazo de presentación das instancias.

O prazo de presentación das instancias será de **TRES DIAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

##### 6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

##### 6.4 Organo de Selección

A comisión Técnica de selección ou tribunal estará integrado por:

- Un Presidente/a
- Un Secretario/a
- Tres Vogais

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 6.5 Colaboradores

A **Comisión Técnica de Selección**, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración

## 6.6 Designación e nomeamento do Tribunal

A designación dos membros do Tribunal, publicarase na sede electrónica do concello de Friol, xunto coa lista definitiva de admitidos.

## 6.7 Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cuio tenor literal e o seguinte “ *nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega*”.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba escrita proposta polo tribunal, nun tempo máximo de trinta minutos.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Friol. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización esta proba aqueles aspirante que posúan o Celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

## 7. Fase de Concurso.

Este apartado non pode superar os 6 puntos

### 1. Méritos Profesionais.

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar, nos tres anos anteriores a presentación de solicitudes: 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar nos tres anos anteriores a presentación de solicitudes : 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

### 1. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, xornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e dicir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

En caso de empate na fase de concurso a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no exercicio da fase de oposición
2. Puntuación obtida na fase de concurso.

Presentarase a relación de méritos así como a documentación xustificativa, no modelo Anexo II.

### **8. Fase de oposición**

Puntuación máxima 14 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albanería, fontanería, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada coas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo tribunal e que non excederá de sesenta minutos.

Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante.

### **9. Acreditación**

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

### **10. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.**

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección/Tribunal confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidatos/as para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

### **11. Constitución de bolsa de emprego.**

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

### **12. Incidencias.**

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

### **13.- Recursos**

Contra este acto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións

---

legais que estime pertinentes. - Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o Sr. Alcalde no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.



**ANEXO I: MODELO SOLICITUDE**

<b>1. DATOS PERSOAIS</b>			
D./D <sup>a</sup>		N.I.F.	
ENDEREZO:		C.P.	
LOCALIDADE:		PROVINCIA	
NACIONALIDADE:	DATA DE NACEMENTO:	TLF:	
EMAIL:			
<b>2. PRAZA CONVOCADA</b>			
DENOMINACION:			
FORMA DE ACCESO:	Libre		
EXENTO/A DO EXAME DE GALEGO:	-- SI	-- NON	
<b>3. TITULACION</b>			
ESIXIDA NA CONVOCATORIA:			
OUTRAS TITULACIONES:			

**EXPOÑO:**

Que, informado da convocatoria do proceso selectivo ao que se refire a presente instancia, considero reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a seguinte documentación (sinalar cun unha X)

- COPIA SIMPLE DO DNI PASAPORTE OU TARXETA DE RESIDENCIA**
- PERMISO DE CONDUCCION EN VIGOR TIPO C**
- ACREDITACION DA POSESION DO NIVEL DE IDIOMA GALEGO ESIXIDO NAS BASES -CELGA 2**
- TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO OU MELLORA DE EMPREGO**
- INFORME DE VIDA LABORAL ACTUALIZADO A DATA DA SOLICITUDE**
- RELACION ANEXO II DOS MERITOS ALEGADOS PARA A SUA VALORACION E OS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS MESMOS.**

**ANEXO II.- RELACION DOS MERITOS APORTADOS E ACREDITADOS**

<b>EXPERIENCIA PROFESIONAL</b>				
<b>SERVIZOS PRESTADOS EN POSTO IGUAL OU SIMILAR O OFERTADO NA CONVOCATORIA</b>				
<b>CATEGORIA</b>	<b>ADMINISTRACION PUBLICA/ENTIDAD PUBLICA OU PRIVADA</b>	<b>DURACION DO CONTRATO OU NOMEAMENTO</b>	<b>DATA DE INICIO</b>	<b>DATA DE REMATE</b>

<b>FORMACION</b>		
<b>DENOMINACION</b>	<b>CENTRO IMPARTICION</b>	<b>DURACION</b>

En ..... a ..... de ..... de 2022.

O/A solicitante .....

Asinado:

Friol, 25 de outubro de 2022.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3070

## GUNTÍN

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO DO ANO 2018.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao ano 2018 foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 21.10.2022**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un mes, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **28 de outubro de 2022 ata 28 de decembro de 2022**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Guntín, 21 de outubro de 2022.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup>. José Gómez Rodríguez.

R. 3071

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 24/10/22 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao terceiro trimestre do 2022, expónse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 2 ó 21 de novembro do 2022.

Lourenzá, 24 de outubro do 2022.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 3073

## LUGO

### *Anuncio*

#### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 19 de outubro de 2022, adoptou entre outros o acordo 8/601 delegar na Excm. Alcadesa as atribucións para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente de contratación: **CONTRATACIÓN DE LA OBRA “PEATONALIZACIÓN ENTRE LA PUERTA DE LA MURALLA “BISPO ODOARIO” Y PLAZA DE FERROL” DENTRO DEL PROGRAMA DE AYUDAS A MUNICIPIOS PARA LA IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAJAS EMISIONES Y LA TRANSFORMACIÓN DIGITAL Y SOSTENIBLE DEL TRANSPORTE URBANO EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA FINANCIADO A TRAVÉS DEL MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA. CODIGO DE PROYECTO 22XX00017 («NEXT GENERATION EU»).** EXP. REF. 2022/C002/000026

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU»

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 25 de outubro de 2022.- ACONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R, 3072

---

## OUROL

### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de SETEMBRO de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil novecentos trinta e un euros con corenta e seis céntimos (2.931,46 €), correspondendo mil douscentos euros con noventa céntimos (1.200,90 €) a libre concorrencia e mil setecentos trinta euros con cincuenta e seis céntimos (1.730,56 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 18 de outubro de 2022.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3074

---

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 21 de outubro aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 2º trimestre do exercicio 2022.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 07/11/2022 e o 07/01/2023 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 07/11/2022. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 24 de outubro de 2022.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 3075

---

## SAMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DE VAOS DO ANO 2022**

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20/10/2022 aprobou inicialmente o padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadoría de calquera clase, correspondente ao exercicio 2022, que estará exposto ao público por prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P. para exame polos interesados.

**RECURSOS:** Contra o acordo de aprobación poderá interporse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón ante a Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

**ANUNCIO DE COBRANZA:** Fíxase o período de cobro en voluntaria dende o 16 de novembro ata o 15 de decembro de 2022, ámbolos dous inclusive. Vencidos ditos prazos, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A presente publicación, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Samos, 20 de outubro de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3076

---

### *Anuncio*

#### **Resolución da Alcaldía**

**Expediente núm.:** 340/2022

**Procedemento:** Convocatoria para a contratación laboral temporal de un/ha auxiliar da axuda no fogar para cubrir unha vacante no cadro de persoal ata a súa cobertura definitiva

## **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto que mediante informe da Sra. concelleira delegada de Servizos Sociais e Vivendas Comunitarias de data 21 de outubro de 2022 se puxo en coñecemento desta Alcaldía-Presidencia que existe a necesidade de contratar unha (1) auxiliar de axuda no fogar a xornada completa co fin de dar cobertura temporal a unha vacante no cadro de persoal mentres non se finalice a proceso de selección para súa cobertura definitiva, habida conta da imposibilidade de prestar o mesmo servizo coas traballadoras actualmente en plantilla.

Visto que dita circunstancia xustifica a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable da contratación aos efectos do sinalado no artigo 19.dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018, xa que o sector de servizos sociais non pode ser interrompido. Mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 2012 o sector de servizos sociais foi declarado como prioritario e/ou que afecta ao funcionamento de servizos públicos esenciais deste municipio nas diversas funcións e categorías profesionais.

Visto o que antecede, por Providencia de Alcaldía iniciouse o presente procedemento de selección.

Vistos o informe de Secretaría, e o de fiscalización de Intervención.

Vistas as Bases que rexerán o proceso selectivo, esta Alcaldía de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

### **RESOLVE:**

**PRIMERO.** Aprobar as “BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE UN/UNHA (1) AUXILIAR DE VIVENDAS COMUNITARIAS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA CUBRIR UNHA VACANTE NO CADRO DE PERSOAL ATA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA”, as cales se xuntan o presente.

**SEGUNDO.** Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

**TERCEIRO.** Ordenar a publicación da convocatoria e das bases íntegras no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web [www.concellosamos.es](http://www.concellosamos.es) e realizar cantos trámites sexan necesarios para a súa publicación.

Samos, 29 de outubro de 2022.- Así o resolve e asina o Sr. alcalde Julio Gallego Moure, ante mín, a secretaria, do que dou fe, Luisa Fernández Pérez.

### **“BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE UN/UNHA (1) AUXILIAR DE VIVENDAS COMUNITARIAS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA CUBRIR UNHA VACANTE NO CADRO DE PERSOAL ATA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA**

#### **1.- OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal interino para cubrir un posto de coidador/a de vivendas comunitarias vacante na plantilla de persoal laboral deste Concello, mediante o sistema de OPOSICIÓN LIBRE, para dar cumprimento acordo plenario de data 3 de agosto de 2012 o sector de servizos sociais foi declarado como prioritario e/ou que afecta ao funcionamento de servizos públicos esenciais deste municipio nas diversas funcións e categorías profesionais

#### **2- NORMAS DE APLICACIÓN**

A presente contratación laboral rexerase:

- Polo artigo 15 do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Disposición adicional cuarta do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

### 3.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **oposición libre**.

### 4.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato laboral temporal que se formalizará coa persoa seleccionada será o de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade nos términos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e no previsto na disposición adicional cuarta do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a reforma laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo.

### 5.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA E COMETIDO FUNCIONAL.

#### 5.1-CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Nº VAC	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	COTA
1	Auxiliar de axuda no fogar	Persoal Laboral.	XERAL

A mencionada praza atópase dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e as demais disposicións aplicables, sinaladamente a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública.

#### 5.2- COMETIDO FUNCIONAL

O cometido funcional desta praza e posto de traballo no art. 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, polo que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.

E aquelas que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas do equipamento da vivenda comunitaria e, mesmo, do servizo de axuda no fogar.

Igualmente realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo xefe da área ou servizo correspondente, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 6.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto cos seus anexos, publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Samos (<https://concellosamos.sedelectronica.gal>)

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Samos (<https://concellosamos.sedelectronica.gal>).

### 6.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

#### 6.1- REQUISITOS XERAIS.

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica esixida nas bases específicas para ingresar na praza á que se aspira.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) No caso de que exista cota para persoas discapacitadas, ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

Todos os requisitos esixidos neste apartado deberán posuílos as persoas aspirantes no día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

## 6.2- REQUISITOS ESPECÍFICOS

a) De acordo ca Resolución do 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acuerdo do 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, será necesario estar en posesión dalgún dos títulos académicos e/ou profesionais, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

